

Resolución reitoral pola que se amplía o prazo para a avaliación de tramos de transferencia do coñecemento e innovación do profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018 (Resolución do 3 de decembro de 2018)

Por Resolución reitoral do 27/06/2019 suspendeuse o prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a avaliación dos tramos de transferencia do coñecemento e innovación correspondentes á Resolución do 3 de decembro de 2018 da Universidade da Coruña, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018 (Sede Electrónica do 04/12/2018), por un tempo non superior a tres meses. Nesta resolución indicouse que o sentido do silencio administrativo tiña carácter negativo para os efectos de interpoñer os recursos que correspondan. O antedito sen a obrigaçión que ten a universidade de resolver.

O artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que:

“1. Excepcionalmente, cando se teñan esgotados os medios persoais e materiais dispoñibles aos que se refire o apartado 5 do artigo 21, o órgano competente para resolver, a proposta, de selo caso, do órgano instrutor ou o superior xerárquico do órgano competente para resolver, poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, non podendo ser este superior ao establecido para a tramitación do procedemento.

2. Contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos, que deberá ser notificado aos interesados, non caberá recurso ningún.”

A Resolución do 08 de outubro de 2019, do presidente da Comisión Nacional Avaliadora da Actividade Investigadora (CNEAI), expón que: *“En este sentido, atendendo al número de solicitudes presentadas, las cuales superan las previsiones iniciales, a la necesidad de subsanar el 40% de las solicitudes, y pese al aumento de medios personales y materiales realizados, no es posible resolver el procedimiento en el plazo establecido para ello.”*

Dado que é necesario para a resolución da avaliación solicitar o informe ao comité asesor dos sexenios de transferencia do coñecemento e innovación da CNEAI, resolvo ampliar o prazo máximo de resolución e notificación dos sexenios de transferencia do coñecemento e innovación, correspondente á convocatoria realizada por Resolución do 3 de decembro de 2018, en 6 meses adicionais.

Contra a presente resolución, que resolve a ampliación do prazo para resolver e notificar a avaliación dos tramos de transferencia do coñecemento e innovación correspondentes á Resolución do 3 de decembro de 2018 da Universidade da Coruña, pola que se fixa o procedemento e o prazo de presentación das solicitudes de avaliación da actividade investigadora para o profesorado da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física que conte co título de doutor/a, o profesorado contratado por tempo indefinido e o profesorado interino coa categoría de contratado doutor, correspondente ao ano 2018 (Sede Electrónica do 04/12/2018), non cabe recurso ningún de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

A presente resolución publicarase na Sede Electrónica da Universidade da Coruña e terá os efectos de notificación para as persoas interesadas.

A Coruña

O reitor

PD O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente
(RR 12/01/2016, Sede Electrónica UDC del 13/01/2016)

Alberto Valderruten Vidal

| Código Seguro De Verificación | HvU8e6D4JC6lLTiAu4cLwg== | Estado | Data e hora |
|-------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|---------------------|
| Asinado Por | Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente | Asinado | 15/10/2019 14:40:01 |
| Observacións | | Páxina | 1/1 |
| Url De Verificación | https://sede.udc.gal/services/validation/HvU8e6D4JC6lLTiAu4cLwg== | | |

